

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000045.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 6 de novembro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E CONTROL DE ACCESOS PARA A CASA CONSISTORIAL, CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS, FOGAR DO TRANSEÚNTE, RECINTO CEI-NODUS-ESPAGO>LAB E PARQUE DA MILAGROSA. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. REF. 2024/C003/000024.

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE REPARACIÓNS E TRABALLOS DE APOIO NA REPARACIÓN DE AVARÍAS NA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024-C003-000028.

3. CONTRATACIÓN DOS SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL - LOTE 1 - TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO 2023-2024, exp. ref. 2021/C003/000030.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8104323904531501892.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-11-2024

4. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTA DE ALCALDE DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CATRO CARROZAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A CABALGATA DE REIS MAGOS QUE SE CELEBRARÁ O 5 DE XANEIRO DE 2025 E DEMAIS CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS RELATIVAS ÁS CELEBRACIÓNS DE NADAL.

5. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO TENENTE DE ALCALDESA DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COAS CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS RELATIVAS ÁS CELEBRACIÓNS DO MERCADO DE NADAL 2024.

6. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MILAGROSA DE LUGO (TRAMO COMPRENDIDO ENTRE RÚA MALLORCA E RÚA XULIA MINGUILLÓN). DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 7/474, DO 30 DE OUTUBRO DE 2024. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. ASÍ COMO DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS.

PERSOAL

7. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS COMO POLICÍA LOCAL.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día

atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,